



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

Dirección Xeral de
Desenvolvemento Sostible

INFORME CLIMATOLÓXICO

MES DE ABRIL 2007



1.- Resumo

Mes seco, con temperaturas altas e episodios treboentos.

O mes de abril caracterizouse en xeral pola presenza de altas presións durante as dúas semanas centrais do mes, con tempo en xeral seco, soleado e con altas temperaturas. Estas dúas semanas marcaron un mes con temperaturas máis altas do normal e menos chuvias. O mes comezou cunha situación de inestabilidade que deixou nubes e chuvias durante as primeiras 4 xornadas. O día 5 foi de transición, coas altas presións entrando en forma de cuña dende o Atlántico e a partir do día 6, ata o 22, a situación estivo dominada polas altas presións. A situación meteorolóxica polo tanto caracterizouse polo tempo seco, soleado e con temperaturas altas, aínda que no período entre o 8 e o 13 a presenza de aire frío en altura deixou nubes de evolución e chuvascos treboentos irregularmente repartidos por toda Galicia. Na tarde do día 23 unha fronte chegou dende o Atlántico e trouxo en cambio na situación sinóptica, cunha derradeira semana caracterizada pola presenza de baixas presións, aínda que as fronteas chegaron moi debilitadas e isto deixou un descenso nas temperaturas e algunhas chuvias en xeral de carácter feble. Esta situación reflíctese claramente nos mapas de anomalías de presión en superficie e altura, onde se aprecia claramente como as presións ó norte da Península Ibérica foron máis altas do normal nesta época do ano.

Precipitación: O mes de abril témolo que considerar seco ou moi seco en xeral, dado que as fronteas da primeira e derradeira semana do mes foron moi febles e as treboadas da segunda semana estiveron repartidas de xeito moi irregular. Isto fai que soamente en puntos do interior, onde a media de chuvias dos anos anteriores é máis baixa que no litoral e as treboadas foron algo máis intensas, as chuvias poidan ser consideradas como normais. Entre as cidades de Galicia, soamente Ourense tivo máis chuvias das normais neste mes. Pontevedra e a zona con máis déficit.

Temperaturas: En canto ás temperaturas compre destacar as altas temperaturas máximas medias rexistradas en toda Galicia que se atopan en xeral entre 2 e 3°C por riba da media dos 30 anos anteriores. Isto é debido á persistencia anticiclónica entre o 6 e o 22 de abril, con máximas moi altas, que chegaron a superar os 30°C no interior. As mínimas presentan tamén anomalías positivas, pero non tan marcadas como no caso das máximas, porque as madrugadas con ceos despexados na segunda e terceira semana deixaron temperaturas nocturnas próximas ás normais.

2.- Táboas de datos

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da CMA (CIS Ferrol, Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense-Ciencias) cos valores climáticos para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-estación completa/ Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións do INM, e Lourizán, da CMA), no período 1973-2003.

O valor climático corresponde ó promedio destes 31 anos, para o mes considerado. Móstrase tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou:

As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou l/m²).

CIS FERROL

	ABRIL 2007	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
T ^a media	14.2	12.5	15.2 (1997)	10.0 (1986)
T ^a mínima media	10.6	9.5	11.3 (1984)	7.0 (1986)
T ^a mínima absoluta	6.3 (día 1)	3.0 (8/4/1986)		
T ^a máxima media	19.0	15.6	19.1 (1997)	12.9 (1986)
T ^a máxima absoluta	26.7 (día 10)	28 (22/04/1984)		
Precipitación acumulada	47	66-82	232 (1998)	5.1 (1982)

Comentario:

Temperaturas en xeral mais elevadas que os valores medios agardados, especialmente no caso das máximas, máis de 3 °C por riba da media.

A chuvia acumulada foi inferior ao agardado; o mes pode considerarse seco.



SANTIAGO

	ABRIL 2007	VALORES CLIMÁTICOS *	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	13.4	12.0	15.8 (1997)	8.3 (1986)
Tª mínima media	8.5	7.4	9.3 (1984)	4.0 (1986)
Tª mínima absoluta	2.5 (día 3)	-1.3 (13/4/1986)		
Tª máxima media	19.7	16.6	22.3 (1997)	12.7 (1986)
Tª máxima absoluta	27.8 (día 22)	30.8 (11/4/1995)		
Precipitación acumulada	60	85-142	439 (2000)	32 (1997)

Comentario:

Temperaturas superiores aos valores medios agardados, especialmente no caso das máximas, 3 °C por riba do valor climático.

A chuvia acumulada é inferior ao rango normal de valores para o mes de abril, este mes pode considerarse moi seco.

* valores climáticos calculados excepcionalmente nesta serie dende 1982.

LUGO

	ABRIL 2007	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	11.5	10.4	14.1(1997)	8.0 (1986)
Tª mínima media	5.7	5.4	7.9 (1984)	3.3 (1974)
Tª mínima absoluta	0.0 (día 3)	-3.0 (1 y 7/4/1975)		
Tª máxima media	18.8	15.4	21.3 (1997)	11.3 (1986)
Tª máxima absoluta	28.0 (día 23)	30.0 (28/4/1994)		
Precipitación acumulada	55	57-71	322 (1998)	8 (1982)

Comentario:

Temperaturas mínima e media lixeiramente superiores aos valores medios, mentres que a temperatura máxima é superior á media climática con unha diferenza de mais de 3 graos.

A chuvia acumulada está lixeiramente por debaixo do rango normal de valores agardado. Este mes pódese considerar seco.



PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

	ABRIL 2007	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
T ^a media	14.2	12.7	16.1 (1997)	9.9 (1986)
T ^a mínima media	8.9	7.3	10.2 (1984)	4.4 (1986)
T ^a mínima absoluta	3.9 (día 1)	-1.5 (6/4/1975)		
T ^a máxima media	20.5	18.0	22.7 (1997)	15.0 (1978)
T ^a máxima absoluta	28.1 (día 22)	30.4 (30/4/1997)		
Precipitación acumulada	52	98-132	430 (2000)	40.4 (1974)

Comentario:

As temperaturas foron en tódolos casos superiores ás dos valores medios. Novamente a maior diferenza dáse no caso das máximas

A chuvia acumulada é moi inferior aos niveis que se consideran normais, polo que este mes pode considerarse “moi seco”.

OURENSE

	ABRIL 2007	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
T ^a media	14.2	12.8	16.5 (1997)	9.3 (1986)
T ^a mínima media	8.3	6.3	9.2 (1984)	3.2 (1973)
T ^a mínima absoluta	1.0 (día 1)	-3.2 (06/4/1975)		
T ^a máxima media	21.5	19.2	24.7 (1997)	15.0 (1986)
T ^a máxima absoluta	30.3 (día 22)	32.8 (29/4/1994)		
Precipitación acumulada	84	42-58	198.1 (2000)	12.0 (1982)

Comentario:

As temperaturas foron en xeral superiores os valores climáticos da serie


A chuvia acumulada sen embargo está por riba do rango normal de valores do mes de abril, polo que pode considerarse un mes “húmido”.



3.- Mapas

3.1.- Anomalías de presión en superficie


Anomalías de presión en superficie.
Mes Abril 2007






3.2.- Anomalías de geopotencial a 500 hPa

**Anomalías de xeopotencial en 500 hPa.
Mes de abril 2007.**






3.3.- Temperatura media das máximas



www.meteogalicia.es




3.4.- Temperatura media das mínimas



www.meteogalicia.es



3.5.- Choiva acumulada (litros/m²)



www.meteogalicia.es